

**MESTRADO UNIVERSITARIO EN
DIDÁCTICAS ESPECÍFICAS**

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1. Introducción/definición

O espazo europeo de educación superior supuxo un cambio de rumbo na formación académica universitaria poñendo o énfase no alumnado, como responsable último da súa formación integral. Cabe indicar que esta formación integral dos futuros profesionais implica o desenvolvemento de complexas competencias específicas que atenden a diferentes dimensións (intelectuais, sociais, etc).

Neste marco resulta imprescindible promover unha nova cultura docente que cristalice en boas prácticas e nun novo modelo de profesorado que, á súa vez, manexe novas accións. Unha delas é a función titorial cuxo fin último é:

- Estimular e guiar o traballo autónomo do alumnado, favorecendo así a súa autorregulación.
- Promover a reflexión sobre a propia acción docente e as necesidades concretas do alumnado co fin de mellorar a calidade formativa.

Tomando como referente o indicado podemos concretar que a acción titorial ha de atender aos seguintes ámbitos:

- Académico, referido á vida universitaria (plan de estudos, elección de materias optativas, información de cursos, etc.).
- Profesional, relacionado coa preparación ao desempeño dun futuro traballo
- Persoal, relacionado coas cuestións de índole, emocional, afectivo, familiar, etc.

A análise das observacións e resultados obtidos en cada un destes ámbitos, deben conducir á proposta de accións futuras, facendo así da función titorial unha actividade dinámica dirixida a mellora da formación dos universitarios.

2. Contextualización

A función titorial adquire unha ampla relevancia e constitúe un elemento imprescindible na análise dos estándares de calidade. Deste xeito desde a Reitoría hase implantado o Plan de Acción Titorial (PAT) tratándose de que se produza unha integración efectiva na dinámica dos centros e, en consecuencia, na de cada un dos distintos títulos que neles se imparten. Por iso a titoría concíbese como elemento inserido no traballo académico que resulta especialmente relevante para unha formación universitaria de calidade.

Concretamente neste mestrado dirixido á especialización do docente de Educación Infantil e Primaria nos distintos ámbitos curriculares e as súas mutuas sinerxias, as titorías deben dar resposta ás peculiaridades dos perfís do alumnado de acceso, que

en xeral son profesores dos citados niveis, pero tamén poden proceder doutras titulacións implicadas no mundo educativo.

3. Obxectivos

O obxectivo do PAT que se presenta, complementa o obxectivo da acción tutorial que exercen os docentes, encargados de cada unha das materias do plan de estudos do mestrado, máis centradas nos contidos académicos específicos. Concretamente neste caso o alumnado terá un profesor/a titor/a de referente que orientará de xeito máis amplo e personalizado.

Cabe indicar que unha vez analizados os problemas e dificultades do alumnado definíronse unha serie de obxectivos, así como as actividades e accións que se programaron para alcanzalos. Máis concretamente os obxectivos do Plan de Acción Tutorial deben centrarse en:

- Orientar ao alumnado en canto ao desenvolvemento académico dos estudos ao longo do curso.
- Aportar información personalizada abarcando distintos ámbitos (académico, administrativo, profesional, etc.)
- Informar ao alumnado dos aspectos máis importantes do Mestrado, a súa estrutura, organización, datas esenciais, etc.
- Informar dos aspectos máis relevantes do prácticum, que vincula directamente as materias obrigatorias e optativas cursadas co traballo fin de mestrado.
- Orientar ao alumnado na elección do tema curricular elixido para desenvolver o Traballo Fin de Mestrado.
- Facilitar a integración dos alumnos no mestrado promovendo o diálogo continuo e o entendemento mutuo entre as distintas persoas implicadas no mesmo.
- Supervisar os resultados académicos e axudar no posible ao alumnado a clarificar os seus intereses no ámbito profesional/docente e investigador.

4. Accións

➤ Xornada de acollida

Corre a cargo da coordinadora do Mestrado e teñen como misión:

- Informar ao alumnado dos aspectos máis importantes do Mestrado, a súa estrutura, organización.

- Presentar o horario e a súa xustificación, destacando as datas importantes respecto de exames, período de prácticum, entrega de documentos, etc.
- Presentar as instalacións e dependencias do centro.
- Intercambiar expectativas, dúbidas, etc. entre o alumnado e o profesorado
- Dar a coñecer outros posibles servizos e informacións da Universidade ou no seu caso externas a ela.

➤ **Presentación das materias**

Cada un dos profesores/as das materias optativas e durante os dous primeiros días de clase, presentarán a asignatura da que son responsables indicando as súas características, sistemas de avaliación, etc. O alumnado dispoñerá dun maior xuízo á hora de tomar decisións sobre as materias a cursar e a selección do área de coñecemento na que realizará a súa TFM, pois as materias optativas empézanse a cursar no mes de xaneiro.

➤ **Titorización académica**

A titorización desenvólvese mediante reunións e entrevistas entre titor/a e alumno/a que terán lugar ao longo do curso. O titor/a coincidirá preferentemente co asignado para realizar o Prácticum e o TFM, indo así os vínculos profesor/a e alumno/a máis aló do estrictamente académicos, si iso fose necesario. Tamén e no posible será o alumnado o que elixa ao seu titor/a.

A asignación do titor/a farase a principios do mes de novembro e calquera profesor/a de o Mestrdo das materias das áreas de didácticas serán potencialmente tutores/as. O titor/a ten como misión a acción titorial máis específica dentro do PAT (función informativa, orientativa, etc., xa sinalada).

➤ **Actividades formativas**

Lección inaugural. A Facultade de Educación programa unha lección inaugural que ten a intención de promover unha reflexión académica acorde co estudo universitario que se emprenden.

Realización de actividades dirixidas a superar posibles necesidades formativas do alumnado. Entre elas prográmanse xornadas de carácter bibliográfico, dirixidas polo persoal da biblioteca da Facultade. Este apartado queda aberto ante a posible demanda do alumnado/profesorado.

5. Funcións e tarefas de profesorado titor

Como se indicou a función do titor/a é basicamente informativa, de seguimento da actividade académica do alumnado e moi especialmente de orientación no ámbito

académico, profesional, social e persoal.

En canto ás súas tarefas serán: intervir na elaboración e desenvolvemento do PAT; analizar a información que aporta e percibe do alumnado tutelado e facer o seguimento da súa adaptación, orientando e reconducindo accións co obxecto de favorecer o proceso de aprendizaxe.

6. Función da coordinación

O/a coordinador/a de o PAT coincide con o/a coordinador/a de o Master que en colaboración coa comisión académica e o equipo de coordinadores tratarán de levar a cabo este plan. Máis concretamente o coordinador/a terá as seguintes funcións:

- Servir de nexo de unión entre as reflexións e inquietudes de titores/as e alumnado, así como co Decanato da Facultade
- Establecer criterios de actuación.
- Propoñer accións específicas.
- Calquera outra que poidan suscitar os axentes implicados directa ou indirectamente no Mestrado.

7. A avaliación do Plan

O coordinador/a informará á comisión académica e ao profesorado dos resultados da avaliación que consistirá na análise das achegas dos titores, alumnado e profesorado en xeral.

Anexo:
ACCIÓNS DE ORIENTACIÓN CURSO 2017-18

ACTIVIDADE	DATA/ HORA/LUGAR/	OBXETIVO	DESTINATARIOS/ RESPONSABLE	INDICADORES DO SEGUIMENTO
PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL	Todo o curso	Orientar ao alumnado en canto ao desenvolvemento académico dos estudos ao longo do curso. Aportar información personalizada abarcando distintos ámbitos (académico, administrativo e a poder ser profesional)	Alumnado do Mestrado / coordinadora do Mestrado	% de estudantes titorizados
XORNADA DE ACOLLIDA	2-10-17/ 16:00 Aula -1.3	Informar ao alumnado dos aspectos máis importantes do Master, a súa estrutura, organización, datas esenciais, etc. Presentar as instalacións do centro	Alumnado do Mestrado / coordinadora do Mestrado	% de estudantes asistentes
LECCIÓN INAUGURAL <i>“A ilusión tecnocrática: os límites da tecnoloxía no ámbito interhumano?”</i> Conferenciante. Prof. Dr. Juan Alberto Sucasas Peón	2-10-17 17:30 Salón de actos Facultade CC da Educación	Suscitar a reflexión sobre temáticas de interese para o mestrado en Didácticas Específicas	Alumnado do Mestrado	
PRESENTACIÓN DAS MATERIAS OPTATIVAS	2-3 Y 4 de outubro	Presentar as materias por parte de cada profesor/a indicando as súas características –competencias,	Profesorado das materias optativas	

		metodoloxía, criterios/sistemas de avaliación,...-		
ORIENTACIÓN DO PRÁCTICUM	26-10-17 hora a definir Aula -1.3	Informar dos aspectos máis relevantes do Prácticum, materia fundamental no Mestrado, pois conecta directamente coas materias obrigatorias e optativas cursadas e co traballo fin de Mestrado. Presentación do documento marco do mesmo.	Alumnado do Mestrado / coordinadora do Mestrado	% de estudantes asistentes
REUNIÓN DE AVALIACIÓN DO PRIMEIRO CUADRIMESTRE	DECEMBRO	Avaliación das materias obrigatorias cursadas no primeiro cuadrimestre, identificando os puntos fortes e débiles, así como as propostas de mellora.	Alumnado do Mestrado / coordinadora do Mestrado	
REUNIÓN DE ORIENTACIÓN DO TRABALLO FIN DE MASTRADO	XANEIRO	Orientar ao alumnado para a elaboración do seu proxecto de Traballo de Fin de Mestrado. Presentación e discusión do documento marco.	Alumnado do Mestrado / coordinadora do Mestrado	
REUNIÓN DE AVALIACIÓN DO SEGUNDO CUADRIMESTRE	Abril	Avaliación das materias optativas cursadas no primeiro cuadrimestre, identificando os puntos fortes e débiles, así como as propostas de mellora.	Alumnado do Mestrado / coordinadora do Mestrado	